

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE ABRIL DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 24 de abril de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 9 de abril de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS EXPEDIENTE 121/2021 RIB /N/05/21

Vista a solicitude formulada por don Roman Blanco Reinosa, en representación de ANAY674MB SL. de licenza para :

- Nova construción dunha adega para explotación vinícola dos terreos.
- Actuacións de urbanización en parcela catastral 32070A049000010000YS.

Considerando que a Sra. Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia ditou con data 21 de marzo de 2024 a RESOLUCIÓN que se transcribe:

"RESOLUCIÓN DO 21 DE MARZO DE 2024, SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN SOLO RÚSTICO, PARA CONSTRUCIÓN DE ADEGA, NO LUGAR DE FRANCELOS-GRANXA DE OUTEIRO, PARROQUIA DE FRANCELOS, DO CONCELLO DE RIBADAVIA (Expte 014/2023).

Na que se resolve:

OUTORGAR a ANAY674MB, SL, representada por Román Blanco Reinoso, autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico prevista no artigo 38 da LSG, para construción de adega, sobre unha parcela de 36.712m², de referencia catastral 320704049000010000YS, sita no lugar de Francelos-Granxa de Outeiro, parroquia de Francelos, do Concello de Ribadavia segundo o proxecto redactado por técnico competente, e coas seguintes CONDICIÓNES:

1.- Ao abeiro do establecido no artigo 39.b) da LSG impóñense as medidas correctoras adicionais contidas no proxecto.

2-De conformidade co previsto no artigo 39.e) da LSG, o interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade:

Superficie da finca: 36.712m² segundo proxecto e escritura pública

Superficie esixible a vincular: 2000 m²

Uso autorizado: actividades complementarias de primeira

transformación (adega)

Superficie a ocupar: 385,15 m²

Ocupación: menor do 20%

Altura máxima: (1 planta) 4,50 m.

Distancia a lindeiros: maior de 5 m.

3.- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

4- Esta autorización queda sometida à condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 39.a) e 39.e) da LSG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:

O xustificante da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor deste en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.

- A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as

concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 39.e) da LSG), en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana).

5.-Deberanse de obter os títulos habilitantes e demais autorizacións e informes preceptivos, segundo o disposto na lexislación sectorial que sexa de aplicación.

no Expediente consta a Autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Axencia Galega de Infraestruturas, de data de sinatura de 19 de abril de 2023, para “as obras, instalacións ou realización de actividades” de “*nova edificación*”. Deberán cumprirse as súas condicións e executar a obra nun prazo máximo de dous (2) anos.

– No Expediente consta a Autorización da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, de data de sinatura última de 11 de agosto de 2021, para “*obras de rehabilitación de cuatro edificaciones existentes, construcción de dos nuevos edificios de uso hotelero, una piscina y una instalación de producción de energía fotovoltaica, en zona de policía de la margen derecha de un cauce afluente del río Outeiro o Bruá*”.

– No Expediente consta a Autorización da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, de data de sinatura última de 03 de xaneiro de 2023, para “*obras de restauración dun tramo de canle, construcción de dúas obras de paso, adega vitivinícola, instalacións de depuración, urbanización de parcela e peche*”. Deberán cumprirse as súas condicións e executar a obra nun prazo máximo de vinte e catro (24) meses.

– O laboratorio, a sala de catas e a pavimentación dalgúns viais realízanse en Solo Rústico de Protección Agropecuaria; a zona ocupada polas restantes edificacións inclúese dentro do Solo Rústico de Protección Forestal; no Expediente consta o Informe da Consellería do Medio Rural, con data de sinatura de 22 de xaneiro de 2021, en sentido Favorable, que se considera válido xa que á documentación técnica modificada é xustificativa, sen afectar ós parámetros esenciais do Proxecto.

Un tramo da recuperación da canle do regato inclúese dentro do Solo Rústico de de Protección Agropecuaria, constando Informe da Consellería do Medio Rural, con data de sinatura de 03 de novembro de 2023.

– A zona da parcela afectada pola implantación do aparcamento, a adecuación do camiño e a recuperación da canle do regato inclúese dentro do Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais. No expediente consta Informe do Servizo de Patrimonio Natural – Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda relativo ó aparcamento e ó camiño; e Informe do citado Servizo, de data de sinatura de 10 de novembro de 2023, relativo á intervención da recuperación da canle do regato.

– Asemade, dado que na zona inmediata ó tendido eléctrico, con clasificación de Solo Rústico de Protección de Infraestruturas, vaise a actuar para a implantación do aparcamento, para a adecuación do camiño e para a recuperación do canle do regato, estarase ó disposto na Autorización do Servizo de Enerxía e Minas – Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia No Expediente consta Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con data de Rexistro de Entrada no Concello de 9 de febreiro de 2021, no que se resolve:

Autorizar o proxecto presentado, tendo en conta as seguintes consideracións:

- *Farase unha reunión previa cos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural para a supervisión das instalacións de iluminación exterior.*
- *Unha vez rematadas todas as obras deben remitir documentación final co obxecto de comprobar a adecuación das mesmas ó proxecto autorizado.*

Consta tamén “Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre actuación que afecta a un ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia”, de data de sinatura de 9 de xaneiro de 2024, na que se resolve “*autorizar as actuacións solicitadas de recuperación do leito do regueiro*”.

Consta no expediente informe favorable da arquitecta municipal de data 22 de abril de 2024.

Consta no expediente informe favorable do secretario municipal de data 22 de abril de 2024

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

.Conceder a Licenza de Obras solicitada por don Román Blanco Reinoso, en representación de ANAY674MB SL

- Nova construción dunha adega para explotación vinícola dos terreos da fase I e da fase II.

- Actuacións de urbanización en parcela catastral 32070A049000010000YS.

O inicio das obras queda sometido á condición suspensiva de presentación no concello de :

- A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 39.e) da LSG), en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana).

Consonte ao previsto no informe da arquitecta municipal:

Na Comunicación Previa da Actividade achegárase a declaración solicitada no artigo 11.3 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

RESPECTO DO USO ADEGA:

Una vez rematadas as obras e para o inicio da actividade, coa Comunicación Previa da Actividade achegárase:

- Copia da solicitude de inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, AGENCIA ESPAÑOLA DE CONSUMO, SEGURIDAD ALIMENTARIA Y NUTRICIÓN.
- Copia da solicitude de inscrición no Rexistro de Industrias Agrarias que está integrado no Rexistro industrial de Galicia, en concreto dentro da división A do mesmo.
- Solicitude de autorización de vertidos. O promotor deberá presentar o Anexo. DATOS CENSO MUNICIPAL no Concello e solicitarase Informe da empresa concesionaria municipal.

As actuacións levaranse a cabo segundo o “*Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación e ampliación de Edificacións para Uso Turístico*”, con data de visado colexial do 23 de decembro de 2020, e Documentación técnica de modificación de proxecto técnico, con visado colexial de data de 8 de febreiro de 2021, asinados polo arquitecto D. Roberto Caride Fernández, colexiado nº 3.133 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; estando a cargo do mesmo arquitecto a Dirección das Obras e a Dirección da Execución das Obras e da Coordinación de Seguridade a cargo do arquitecto técnico D. Miguel Ángel Añel Pato, segundo Oficios que se achegan.

Debéñse cumprir por parte do promotor as seguintes condicións:

1.-Ao abeiro do establecido no artigo 39.b) da LSG impóñense as medidas correctoras adicionais contidas no proxecto.

2.-De conformidade co previsto no artigo 39.e) da LSG, o interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados , expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade:

- *Superficie da finca: 36.712 m² segundo proxecto e escritura pública.*
- *Superficie esixible a vincular: 2.000 m².*
- *Uso autorizado: actividades complementarias de primeira transformación (adega).*
- *Superficie a ocupar: 385,15 m².*
- *Ocupación: menor do 20%.*
- *Altura máxima: (1 planta) 4,50 m.*
- *Distancia a lindeiros: maior de 5 m.*

3.-As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

Cumprirase o sinalado Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se resolve:

Autorizar o proxecto presentado, tendo en conta as seguintes consideracións:

- *Farase unha reunión previa cos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural para a supervisión das instalacións de iluminación exterior.*
- *Unha vez rematadas todas as obras deben remitir documentación final co obxecto de comprobar a adecuación das mesmas ó proxecto autorizado.*

E na execución das obras estarase ó disposto na Autorización da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, de data de rexistro de entrada no Concello de 16 de agosto de 2021; no Informe da Consellería do Medio Rural, con data de sinatura de 22 de xaneiro de 2021; na Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas; no Informe do Servizo de Patrimonio Natural – Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e no Informe do Servizo de Enerxía e Minas – Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

-Xirase unha liquidación provisional do Imposto de construcións, instalacións e obras de 3.809,62 euros

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS

4 ESCRITOS OFICIAIS

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

ACORDO DE VENDA FORZOSA DE INMOBLE POR POXA Á ALZA POR INCUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS URBANÍSTICAS.

Considerando que ,de conformidade co previsto na Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, tramitouse expediente para a declaración de incumprimento das obrigacións urbanísticas que culminou con resolución de declaración de incumprimento determinando a aplicación da venda forzosa., Resolución de Alcaldía de data 5/3/2024 , publicada no BOE do 20 de marzo de 2024 que na súa parte dispositiva acordaba:

. Declárase o incumprimento das obrigacións relativas á edificación, conservación e rehabilitación nas edificacións situadas na parcela con referencia catastral 00501000NG78C0001BR, A Groba 29 (39 no rueiro municipal). o que se notificará aos interesados.

Acórdase comunicar, mediante certificación administrativa, ao Rexistro da Propiedade de Ribadavia para a práctica de nota marxinal á inscrición do correspondente inmovible..

Acórdase incorporar a valoración dos terreos, das edificacións e de todos os bens afectados conforme á normativa estatal do solo e valoracións, informe da arquitecta municipal de data 12 de xuño de 2023, 5.226,73 euros.

Declárase a venda forzosa dos terreos, das edificacións e de todos os bens afectados, para o que se acorda sacar a poxa devandito inmovible de acordo con o disposto no artigo 36 da Lei 1/2019 do 22 de Abril de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, cos requisitos establecidos para o adquirente no artigo 37 do mesmo corpo legal.

Notifíquese a presente resolución aos interesados con indicación dos recursos que resulten de aplicación e publíquese no Boletín Oficial do Estado.

Dita declaración non habilita ao concello para instar a declaración do inmovible en estado de abandono , prevista no capítulo III do Título IV da lei1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia.

Visto o expediente que se tramita para a venda forzosa por poxa á alza de devandito ben.

Visto o informe de secretaría , e o informes técnicos de taxación , como órgano de contratación conforme a

Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e decreto de delegación de alcaldía do 26 de xullo de 2023 , a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.-Aprobar o expediente de alleamento de venda forzosa por poxa á alza da parcela catastral 00501000NG78C0001BR, A Grova 29 (39 no rueiro municipal). e edificacións sitas na mesma: inmovible en estado de abandono, que foi obxecto de varios derrubos por colapso de elementos estruturais. Distingúense dous partes, unha edificación de planta baixa e unha altura e un patio pechado cun cerramento de fábrica de cantaría. A cuberta, parte dos cerramentos da planta alta do inmovible, tanto na fachada principal sur como na fachada lateral leste derrubáronse.

DATOS REXISTRAIS: Segundo Certificado do rexistro da propiedade de Ribadavia “ Que las edificaciones sitas en la parcela con referencia catastral 00501000NG78C0001BR, A Grova 29, en el callejero municipal A Grova 39, tal y como se describen en la instancia, no figuran inscritas a favor de persona alguna.

REFERENCIA CATASTRAL: parcela con referencia catastral 00501000NG78C0001BR, .

Cargas:Declarado incumprimento de obrigacións urbanísticas e en réxime de venda forzosa con obrigación de rehabilitación.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o alleamento do ben e proceder á publicación do mesmo na páxina web do concello.

Terceiro.- Aprobar como tipo de licitación á alza o importe de de **5.226,73** euros..

Cuarto.- Que se publique a licitación no Boletín Oficial da Provincia para que no prazo de quince días hábiles desde a publicación do anuncio preséntense as proposicións que se estimen pertinentes.

Contrato menor do servizo de control hixiénico sanitario da piscina municipal A Veronza para a tempada 2024.

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 16 de abril de 2024.

Visto o acordo do Consello reitor de abril do Servizo Municipal de Deportes. contrato

En cumprimento do DECRETO 119/2019, de 19 de septiembre, por el que se regulan los criterios hixiénico-sanitarios de las piscinas de Galicia DOGA, 8 de Outubro de 2019, que obriga aos titulares de piscinas de uso colectivo aos seguintes:

Control inicial (antes da apertura ao publico)

Control periódico (minimo 1 analítica por mes)

Actualización de protocolos

Introdución de datos das analíticas en plataforma SILOE (Ministerio de Sanidade)

Visto o orzamento presentado pola empresa Akunatura de 12/4/2024.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

Adxudicar á empresa Akunatura o Contrato menor do servizo de control hixiénico sanitario da piscina municipal A Veronza para a tempada 2024 polo importe de 289,60 euros.

CONTRATO DE SERVICIO DE EXPLOTACIÓN ,INSTALACION E MANTEMENTO DE MAQUINAS EXPENDEDORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes.

Visto o acordo do Consello Rector do Servizo Municipal de Deportes en sesión ordinaria de abril.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda adxudicar a Rofervending sl o CONTRATO DE SERVICIO DE EXPLOTACIÓN ,INSTALACION E MANTEMENTO DE MAQUINAS EXPENDEDORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES, rexendo o mesmo o prego de prescripcións técnicas que a continuación se transcriben como parte integrante do contrato.

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE VAN REXIR O CONTRATO DE SERVIZO DE EXPLOTACIÓN ,INSTALACION E MANTEMENTO DE MAQUINAS EXPENDEDORAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

1. OBXETO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto fixar as condicións que van a rexir o contrato de servizo de explotación, instalación e mantemento de máquinas automáticas expendedoras de bebidas (frías e quentes) e snack nas instalacións deportivas municipais dependentes do Consello Municipal de Deportes.

2. AMBITO DE APLICACIÓN DO SERVIZO

As máquinas deberan instalarse nas instalacións dependentes do Consello Municipal de Deportes :

Centro Deportivo Municipal “O Consello”, Piscina Municipal “A Veronza”, Pavillon Municipal “Maquians” e Complexo Deportivo Municipal “O Xestal”

O concesionario debera instalar as máquinas expendedoras que se detallan cas seguintes ubicacións:

- Polideportivo “O Consello”
- 1 de bebidas/refrescos ubicada na planta 1ª
- 1 de SNACKS ubicada na planta 1ª
- 1 de bebidas/ refrescos ou mixta ubicada na planta baixa
- Piscina Municipal “A Veronza” (tempada de veran)

Si fose de interes poderase estimar a colocación nas instalacións deportivas municipais de:

- Pavillón Municipal Maquians
- Complexo deportivo Municipal “ O Xestal “

O concesionario podera propor ao consello municipal de deportes a colocación de mais máquinas expendedoras (de xeito permanente ou puntual) incluso con outra ubicación. A proposta sera sometida ao consello municipal de deportes para a súa autorización.

3. CONDICIÓNNS TÉCNICAS E INSTALACIÓN

3.1. CONDICIÓNS DA INSTALACIÓN

O Consello Municipal de Deportes reservase o dereito de modificar o número de máquinas instaladas(aumentar ou disminuir), así como a ubicación das mesmas

O Concello de Ribadavia nón respondera en ningún caso dos danos , avarias, roubos, hurtos, incendios etc. que se produzan nas máquinas ou nos produtos, bebidas ,

alimentos ou cartos. Polo que , a responsabilidade, sera sempre por conta da empresa adxudicataria.

O Consello Municipal de Deportes comprometese a facilitar o suministro electrico necesario para o funcionamento das maquinas expendedoras

3.2. INSTALACIÓN E MATERIAL

A instalación das maquinas expendedoras e material necesario sera por conta do adxudicatario.

A empresa debera ter en todo momento as maquinas en perfectas condicións de utilización, dispora do persoal necesario para a asistencia técnica , reparando nun prazo máximo de 24 horas calquera eventual avaria que pudiera producirse ou sustituíla, si fose o caso, no prazo inferior a tres dias.

Asemade o adxudicatario comprometese a instalación e limpeza das maquinas expendedoras , así como a información ao publico tanto no referente a súa utilización como dos prezos dos produtos que se expenden.

3.3. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato sera de un ano (1 ano) dende que se asine o contrato.

3.4. CANON DE EXPLOTACIÓN

O adxudicatario debera aboar ao Concello de Ribadavia , pola explotación das maquinas expendedoras, un **CANON ANUAL DE TRESCENTOS EUROS (300 €/ano)** que debera facer efectivo na conta que se lle facilite ao adxudicatario no mes seguinte a adxudicación do contrato debendo o adxudicatario entregar nas oficinas do Consello Municipal de Deportes copia do ingreso aos efectos de comprobación.

4. CARACTERÍSTICAS DAS MAQUINAS E PRODUCTOS

4.1. Características Técnicas Xerais

- As Maquinas ofertadas cumpriran ca lexislación vixente e adxuntaran todos os certificados que lle atañen
- Debera figurar na maquina en lugar visible os seguinte datos:
 - Homologación administrativa
 - Identificación do responsable , nº de telefono para supostos de avaria e reclamación
 - Descrición das condicións de funcionamento dos produtos e servizos, incluído o prezo
- As maquinas deberan estar deseñadas, construídas e conservadas de forma que preveñan o risco de contaminación dos produtos a suministrar
- Contar con dispositivos precisos de mantemento e vixilancia das condicións adecuadas da temperatura dos produtos alimenticios

4.2. Productos

- Os produtos ofertados deberan ter en conta o recollido no Lei ,17/2011,de 5 de Xullo , de seguridade alimentaria e nutrición ,publicada no BOE de 6 de Xullo do 2011 , debendo prestarse

especial observancia ao recollido no punto 6 Art. 40 “ non se permitirá a venda de alimentos y bebidas con un alto contido en ácidos graxos saturados, ácidos graxos trans, sal y azúcares”

- Os produtos ofertados deberán cumprir ca regulamentación técnico-sanitaria pertinente
- Os produtos a utilizar deberán proceder de industrias autorizadas a cada tipo de actividade
- Os prezos dos produtos ofertados en ningún caso poderán ser superiores aos existentes no mercado para o mesmo produto
- Todos os produtos deberán estar correctamente envasados e protexidos
- Nos envases do produto deberá figurar os ingredientes, nome do fabricante e rexistro de sanidade así como a data de caducidade do produto.

5. XESTION DO SERVIZO

- Consistirá no suministro de produtos (Bebidas frias , Bebidas Quentes , Snacks) , instalación e mantemento das máquinas expendedoras
- As máquinas expendedoras e os produtos ofertados deberán cumprir as especificacións establecidas no PPT. Non serán aceptadas máquinas ou produtos que non cumpran o recollido no PPT
- Será por conta do adxudicatario todos os gastos derivados do suministro e correcto funcionamento das máquinas instaladas.

6. MANTEMENTO DAS MÁQUINAS INSTALADAS

Mentras dure o prazo de vixencia do presente contrato, o adxudicatario garantizará o correcto funcionamento das máquinas instaladas, levando a cabo as oportunas reparacións ou cambio de máquinas por outras cando esta xa non poidan ser arranxadas.

No caso de reparacións no propio lugar , as máquinas avariadas non poderán estar fora de servizo máis dun día dende a notificación por parte do Consello Municipal de Deportes.

Si non fose posible reparala nese prazo , o adxudicatario deberá mudar a máquina avariada por outra igual no tempo máximo de tres días dende a notificación.

En todo intre as máquinas expendedoras estarán en perfecto estado de limpeza , funcionamento e ornato público

7. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Seran obrigas do adxudicatario os seguintes:

- Aboar o canón establecido
- Será responsable da calidade dos produtos expedidos polo que deberá suscribir un seguro de RC que cubra os riscos derivados da prestación do servizo
- Deberá contar cun plan de limpeza , desinfección, control de pragas e de temperaturas, debendo manter as máquinas instaladas en óptimas condicións de limpeza e hixiene.
- Corresponde ao adxudicatario a obtención de todas as autorizacións e licenzas, tanto oficiais como particulares, que se requiran para a execución do contrato
- Os prezos ofertados non poderán superar os existentes no mercado
- Dispor de follas de reclamación a disposición das autoridades e usuarios

- Non instalar ningún tipo de publicidade, salvo autorización municipal
- Colocar en lugar visible o número de teléfono en caso de avaria
- Cargar as máquinas durante o horario de apertura das instalacións
- Atender de maneira inmediata a chamada da administración cando se produza calquera tipo de anomalía no servizo

8. DEREITOS E OBRIGAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

- Queda obrigado a manter o adxudicatario o uso e disfrute do dereito concedido .
- Inspeccionar cantas veces o considere convinte o estado das máquinas e material de xeito prestación dos servizos , a cuxo efecto podera designar o persoal que estime axeitado.
- Adxudicatario nón podera cambiar a ubicación das máquinas sin previa autorización, por escrito ao Consello Municipal de deportes
- RESCATE: O concello de Ribadavia reservase o dereito a deixar sin efecto a adxudicación antes do vencemento si o xustificasen circunstancias sobrevidas de interés público
- UBICACIÓN DAS MÁQUINAS INSTALADAS: O consello municipal de deportes tera , en todo intre , a facultade de mudar o lugar de ubicación das máquinas.

9. REXIME SANCIONADOR

O Concello de Ribadavia , previo informe do Consello Municipal de Deportes , reservase a posibilidade de sancionara a empresa concesionaria do servizo, para o que se establece o seguinte rexime sancionador:

- Por incumprimento das condicións técnicas e instalación : poderase aplicar unha sanción de 100 € a 300€
- Por incumprimento das obrigas do adxudicatario: poderase unha sanción de 300€ a 500€
- Por incumprimento do estipulado no PPT : poderase aplicar unha sanción de ata 1000€ ou rescisión de contrato

CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS , MATERIAIS E SERVIZO DE ASESORAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL A VERONZA PARA A TEMPADA 2024

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 16 de abril de 2024.

Visto o acordo do Consello reitor de abril do Servizo Municipal de Deportes.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda adxudicar o contrato de SUMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS , MATERIAIS E SERVIZO DE ASESORAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL A VERONZA PARA A TEMPADA 2024 á empresa Lincolnd Ibérica polo importe máximo de 5.800 euros, IVE incluído.

Rexen o contrato formando parte do mesmo como documento contractual vinculante os seguintes pregos de prescricións:

PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS , MATERIAIS E SERVIZO DE ASESORAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL A VERONZA PARA A TEMPADA 2024

1. OBXETO

O obxeto do presente contrato consistira no suministro de produtos , materiais e servizos que a continuación se detallan para o funcionamento da instalación piscina municipal “A Veronza”- Rua Veronza s/n – 32400 Ribadavia , durante a tempada 2023

- ❑ Suministro de produtos para o tratamento físico-químico da auga dos vasos
- ❑ Reposición de calquer elemento do sistema (físico e químico) de depuración , por rotura , avaria ou mellora.
- ❑ Asesoramento técnico

2. AMBITO

A instalación esta dotada de dous vasos cas seguintes características:

Vasos	Lonxitude	Anchura	Lamina de auga	Profundidad e maxima	Profundidad e minima	Volume n m3
Vaso -1 (adultos)	25	12,5	312,5	2,40	1,20	312,5
Vaso – 2 (Infantil)	Irregular (forma riñon)		44	0,40	0,30	12

3. PRODUCTOS QUÍMICOS E SERVIZOS A SUMINISTRAR

Os produtos químicos para o tratamento da auga dos vasos , deberán axustarse ao Real Decreto 742/2013 de 27 de Setembro (BOE do 11/Octubre/2013) eo Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia (DOGA do 8 de Outubro do 2019) e outras normativas que fosen de aplicación .

No **Anexo-1** indicanse os produtos para o tratamento químico da auga dos vasos que o adxudicatario deba comprometerse a suministrar.

O adxudicatario comprometéase ao asesoramento técnico do persoal da instalación, para a posta en funcionamento antes da apertura ao público e ata o peche da mesma para resolver calquer incidencia que xurda.

O adxudicatario comprometése a reposición de calquer elemento, equipo etc que requira arranxo ou substitución no sistema físico e químico de tratamento da auga dos vasos

4. CARACTERISTICAS DOS PRODUCTOS

A oferta debera suliñar o número de rexistro sanitario de cada produto químico, que deberan estar homologados polo Ministerio de Sanidade e Consumo describindose a composición e características físico-químicas así como a concentración na que se presentan os produtos ofertados.

O adxudicatario co primer suministro debera presentar a ficha técnica actualizada e homologadas de cada produto químico, as normas de manexo , utilización e almacenaxe dos mesmos.

5. FORMA DE ENTREGA DOS PRODUCTOS E PRESTACIÓN DO SERVIZO

- O adxudicatario comprometése a entrega dos suministro nun prazo máximo de 72 horas dende a formalización do pedido .
- Os pedidos formalizaranse por correo electrónico que facilitara o adxudicatario ao Consello Municipal de Deportes
- Os pedidos serán entregados na mesma instalación en horario de mañan, antes das 11:00 horas.
- Todos os envases deberán levar as correspondentes etiquetas identificativas do produto no caso contrario será motivo de devolución do produto que nón cumpra iste requisito.
- O adxudicatario debera garantir o servizo de asesoramento e asistencia técnica , en caso de urxencia, en 24 h.

6. PREZO DO CONTRATO

- Sendo o prezo máximo do contrato de cincamil oitocentos euros (5.800 €) IVE INCLUIDO.

7. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato sera dende que se asine o mesmo ata o peche da instalación, sendo as datas de referencia dende o 15 de Maio ao 15 de Setembro do 2024

8. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

- O adxudicatario comprometése ao cumprimento do recollido Real Decreto 742/2013 de 27 de Setembro (BOE do 11/Outubro/2013) e o Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia (DOGA do 8 de Outubro do 2019) e outras normativas que fosen de aplicación .
- Informar ao Consello Municipal de deportes de calquer anomalia que poida xurdir na instalación e afecte aos usuarios

- Ao cumprimento do recollido no Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais (BOP, do 7 de Setembro de 2020)
- A efectuar os suministros traballos de instalación, mellora etc. fora dos horarios de apertura ao público da instalación.
- Nomear aun responsable do contrato que sera o interlocutor co Consello Municipal de deportes
- Uniformar aos traballadores o seu cargo que prestan servizo na instalación.
- O adxudicatario será responsable en todo intre da normativa de seguridade e hixiene no traballo , sendo única responsable da falla de aplicación das referidas normas , declinando o Concello de Ribadavia calquer responsabilidade ao respecto.
- A xestionar calquer discrepancia ca xefatura territorial de sanidade en Ourense (Sanidade Ambiental) , que afecte a prestación do servizo recollido neste PPT , ante a autoridade competente.

9. REXIME SANCIONADOR

Concello de Ribadavia , previo informe do Consello Municipal de Deportes , reservase a posibilidade de sancionar a empresa concesionaria do servizo, para o que se establece o seguinte rexime sancionador:

- Por incumprimento do estipulado nos puntos 3 ,4 e 5 deste PPT poderase aplicar unha redución no aboamento da facturación entre un 1% e un 10%
- Por incumprimento do estipulado no punto 8 deste PPT poderase aplicar unha redución no aboamento da facturación entre un 10% e un 20% e si fose o caso a rescisión do contrato.

Vista a Resolución da presidencia da Deputación relativa á solicitude do concello de “ desbroce e podas en altura en: Entorno de Santo Domingo, área de autocaravanas, parque de Prexigueiro, área da Veronza vella, alameda, zona de San Francisco e parque de Francelos”

A xunta de goberno acorda:

A)O Concello pon a disposición da brigada provincial os medios necesarios para a execución das obras, que, nunha primeira estimación, representa un total de 1.094,49 €. O material será subministrado, directamente, en obra e, no tocante ao combustible de vehículos, este poderá ser repostado no seu subministrador habitual.

b) Poñer a disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras e a tramitación das autorizacións necesarias

c) Declarar que o concello se fai cargo dos danos e perdas que se deriven da execución das obras, en relación á ocupación dos terreos, servidumes e casos semellantes.

d) Declarar o coñecemento da Avaliación de Riscos das brigadas de zonas verdes da Deputación Provincial de Ourense.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a selección de dous Peóns Forestal (Aprol rural), que de seguido transcribíense:

“BASES PARA SELECCIÓN DE PEÓN FORESTAL POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION.

I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.

1. Convócanse procedemento para contratar dous peóns forestais mediante a figura de contrato laboral temporal vinculados a programas de activación para el empleo (modelo 405), a través do sistema de acceso de concurso-oposición. Contratación subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria , expediente TR351G 2024/42-3 Aprol Rural. Duración do contrato 9 meses a xornada completa,

2. A adxudicación da praza ao aspirante aprobado efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 4ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, RDL 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

4. O sistema elixido para a selección do persoal será o concurso-oposición, previa remisión o Inem de solicitude de oferta xénérica de emprego para a contratación a efectuar.

II. CONDICIÓNS E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto pola Lei 17/93, do 23 de decembro, e Real Decreto 543/2001, do 18 de maio, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumprimentos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación. Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou

psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública..

f) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

g) Persoas desempregadas.

h) Dispor de carné de conducir B.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

III. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso a praza convocada.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCALIS: -Tres funcionarios ou laborais do concello nomeados polo Alcalde.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma ou superior titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

3 Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 24 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de dita lei.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base IV. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e oposición-entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

IV. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso-oposición e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 7 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,60 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 1 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un maximo de 1,40 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.2. Outros Méritos. Estar en posesión de:

-Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

-Celga II: 0,20 puntos.

-Celga III: 0,25 puntos.

- Celga IV: 0,30 puntos

-Linguaxe administrativo.

Medio: 0,40

Superior: 0,50 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaria Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

Estar en posesión de carné de conducir superior o B: 1 punto.

3. Fase de oposición.

Proba práctica: valorarase ata un máximo de 7 puntos.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Nesta fase o tribunal valorará as habilidades das persoas aspirantes ó posto, coñecementos de mecánica, maquinaria, no manexo de desbrozadora e outra maquinaria.

4. Entrevista persoal: valorarase ata un máximo de 3 puntos. Na entrevista preguntárase sobre o coñecemento do territorio e as características propias do contorno e da poboación que o tribunal cualificador considere.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A.1. Para acreditar os méritos sinalados no punto A.1. do baremo, deberá achegarse fotocopia compulsada do certificado no que consten o programa e as horas obxecto do curso realizado.

A.2. Para acreditar os méritos sinalados no punto A.2 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na oposición e entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

2.- Parados de longa duración con cargas familiares.

3.- Persoas con discapacidade.

4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.

5.- Solicitante de maior idade.

V. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.

c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.

d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

VI. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.-No non previsto nas bases anteriores rexerá polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.”

-Tomase coñecemento da aprobación do Plan Director de subvencións a entidades deportivas polo Consello Municipal de Deportes en sesión ordinaria do mes de abril

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.

